# Acceso a arquivos e software compartido


- Software proporcionado polo ATIC
- Servidor FTP público (ftp.uvigo.es)
  - Acceso dende un navegador web
  - Acceso dende un cliente FTP
  - Software no servidor FTP público


## Software proporcionado polo ATIC

Poden acceder ó software proporcionado polo ATIC (antivirus, sistemas operativos, suites ofimáticas) á comunidade universitaria accedendo, co seu usuario (do tipo  usuario@uvigo.es ou usuario@alumnos.uvigo.es) a:

**https://soporte.uvigo.es/software**

Poderán acceder, en función das características do seu usuario (de PDI ou PAS da universidade no dominio @uvigo.es ou de alumnos no dominio @alumnos.uvigo.es), ó software dispoñible.

## Servidor FTP público (ftp.uvigo.es)

O servidor FTP público permite acceder a réplicas (mirror) de software de diverso tipo.

O acceso o poden facer por FTP ou HTTP ó servidor **ftp.uvigo.es**.

### Acceso dende un navegador web

Poden acceder dende un navegador web indo a **http://ftp.uvigo.es**.

### Acceso dende un cliente FTP

Recomendamos sempre que sexa posible e se non é para a descarga de arquivos grandes empregar un navegador web.

Dende un cliente FTP compre que configuren un acceso a un FTP anónimo ("anonymous"). Os seguintes exemplos son imaxes do acceso empregando como cliente FileZilla:




En ocasións pode ser necesario especificar o tipo de acceso (modo "Pasivo"), dado que o modo "Activo" non sempre funciona correctamente (os firewalls nos ordenadores dos usuarios os bloquean).




## Software no servidor FTP público

- Sistemas operativos
  - CentOS
  - Debian
    Poden acceder tamén como http://debian.uvigo.es, o arquivo de configuración para a descarga de paquetes
    Para configurar un Debian 8 (Jessie), sería como se indica

**/etc/apt/sources.list**

```
deb http://debian.uvigo.es/debian/ jessie main non-free contrib
deb-src http://debian.uvigo.es/debian/ jessie main non-free contrib

deb http://debian.uvigo.es/debian-security/ jessie/updates main contrib non-free
deb-src http://debian.uvigo.es/debian-security/ jessie/updates main contrib non-free

# jessie-updates, previously known as 'volatile'
deb http://debian.uvigo.es/debian/ jessie-updates main contrib non-free
deb-src http://debian.uvigo.es/debian/ jessie-updates main contrib non-free
```

  - Ubuntu
- Software de utilidade
  - Apache
  - LibreOffice